

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020261	Terra de Turonio	Gondomar	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1334	Guía de bicicleta	2023/2024	6	160	192

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBERTO RODRÍGUEZ SALAS,JAVIER VEIGA ASOREY
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación está elaborada para o módulo de GUÍA DE BICICLETA, pertencente ao Ciclo MEDIO DE GUÍA NO MEDIO NATURAL E DE TEMPO LIBRE tomando como referencia o Real Decreto 402/2020 publicado no BOE o 27 de febreiro do 2020, correspondente ao título de Técnico/a de guía no medio natural e de tempo libre, da Familia Profesional ACTIVIDADES FÍSICAS Y DEPORTIVAS, cunha duración de 2.000 horas.

Todos os contidos e actividades de ensinanza- aprendizaxe especificados en dita programación, van encamiñados a que o alumnado, futuros/as técnicos/as, obteñan a cualificación profesional necesaria para organizar itinerarios e guiar grupos en bicicleta por espazos naturais progresando de xeito seguro e proporcionando aos participantes a mellor atención posible en canto a calidade, seguridade e diversión. Para iso, o alumnado deberá coñecer, relacionar, practicar e desenvolver durante o curso, todas esas actividades que lles permitan, o día de mañá, asegurar a atención ante as posibles incidencias, realizar as accións oportunas para manter o respecto polo medio ambiente, dar a coñecer o valor dos elementos naturais e culturais da contorna, dinamizar con éxito a actividade e, por suposto, adaptala ás características específicas do grupo.

O ámbito de traballo que abrangue este módulo capacitará ao alumno a desenvolver tarefas relacionadas coas bicicletas tanto en actividades recreativas na natureza e de turismo activo ou deportivo, en actividades de aventura en espazos abertos ou instalacións deportivas, e tamén nas áreas de organización, desenvolvemento, dinamización, seguimento e avaliación desas actividades

A actividade profesional poderá ser realizada tanto de forma autónoma como contratada, no ámbito público (ben sexa administración xeral, autonómica ou local) e no ámbito privado, e tamén en grandes, medianas ou pequenas empresas de servizos que estean vinculadas aos sectores produtivos do deporte, turismo, lecer e tempo libre.

Así pois, o módulo determinará un perfil profesional que permitirá que o alumnado estea capacitado para o traballo como deseñador de itinerarios en bicicleta en entornos urbanos, rurais ou en espazos abertos dende baixa dificultade ata media montaña. Tamén estará capacitado para o traballo como organizador e dinamizador de actividades físico-deportivas recreativas guiadas en roteiros populares ou de creación propia, guía desas mesmas actividades de curta duración ou de grandes rutas de cicloturismo, e incluso para realizar reparacións e mantemento dos equipamentos en albergues, campamentos ou instalacións privadas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciación ao traballo con bicicletas	Nesta unidade o alumnado aprenderá os aspectos máis básicos relacionados co mundo da bicicleta, dende aspectos teóricos sobre a súa historia e evolución, nomenclatura básica, equipamento, normativa, mecánica elemental e, por suposto, práctica das técnicas de desprazamento necesarias para garantir seguridade, fiabilidade e evolución posterior.	66	34
2	Progresión en espazos naturais en bicicleta	Ao longo desta unidade, o alumnado aprenderá a progresar con éxito por diferentes tipos de rutas de distintos niveis, con fluidez e seguridade, co fin de descentralizar a atención do vehículo para centrala na actividade, o itinerario e o grupo acompañante. De igual xeito, aprenderá a solucionar problemas que poidan acontecer ao longo desas rutas relativos ao propio trazado, á mecánica da bicicleta ou ás persoas que compoñen ese grupo.	66	34

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
3	Organización e control de actividades en bicicleta no medio natural	Unha vez cursada esta unidade, o alumnado será quen de deseñar diferentes tipos de itinerarios de xeito seguro e adaptados a diferentes parámetros como son o nivel, as características do lugar, do grupo, da tipo de ruta etc., guiar a calquera tipo de colectivo de xeito seguro, dinamizando a actividade e poñendo en valor aspectos culturais, naturais e paisaxísticos da ruta, e controlar todo o proceso dende o proxecto á avaliación dos resultados, pasando pola solución das posibles incidencias que poidan acontecer ao longo de todo o proceso.	60	32

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciación ao traballo con bicicletas	66

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para rutas en bicicleta, seguindo os procedementos, para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	NO
RA2 - Realiza o mantemento operativo da bicicleta e prepara o material necesario para asegurar o seu bo estado e o seu correcto funcionamento	NO
RA3 - Dirixe a progresión de grupos por itinerarios en bicicleta, adaptando as técnicas de condución ás características do terreo e das persoas participantes	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Seleccionáronse a bicicleta e o material necesario para a ruta
CA1.4 Realizáronse os axustes necesarios na bicicleta, para a adaptar á persoa usuaria e conseguir a ergonomía adecuada
CA2.1 Caracterizáronse as pezas e os compoñentes da bicicleta e a súa funcionalidade
CA2.2 Cambiáronse as pezas e os compoñentes da bicicleta, e o material de reparación deteriorado, mantendo os criterios de eficacia recomendados
CA2.3 Desmontáronse e montáronse os elementos básicos da bicicleta, utilizando as ferramentas específicas

Criterios de avaliación
CA2.4 Realizouse o protocolo de revisión de bicicletas previa á práctica
CA2.5 Diagnosticáronse avarías básicas frecuentes da bicicleta
CA2.6 Arranxáronse avarías básicas frecuentes da bicicleta
CA2.7 Efectuáronse as operacións de limpeza e de engraxamento da bicicleta seguindo as pautas establecidas
CA2.8 Utilizáronse as ferramentas específicas na reparación e no mantemento da bicicleta
CA3.3 Explicáronse as técnicas de condución que se deben realizar e a súa adaptación aos tipos de terreo, ás pendentes e á posible presenza doutros vehículos ou de peóns
CA3.4 Demostráronse as técnicas de condución que se deben realizar e a súa adaptación aos tipos de terreo, ás pendentes e á posible presenza doutros vehículos ou de peóns
CA3.5 Manexouse a bicicleta de xeito seguro e eficaz por terreo variado ata media montaña
CA3.6 Estableceuse o ritmo de marcha adecuado á actividade e ao grupo
CA3.8 Analizouse a normativa de circulación sintetizando as normas referentes á utilización de bicicletas
CA3.9 Circulouse por contorno urbano respectando o código de circulación

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Indumentaria persoal e material complementario.</p> <p>0Kit de ferramentas e recambios para ruta.</p> <p>Consignas técnicas e de seguridade.</p> <p>Solucións en caso de posibles incidencias.</p> <p>Normativa que pode afectar a actividade.</p> <p>Ergonomía. Bikefit. Adaptación á persoa usuaria. Regulación de elementos móbiles.</p>

Contidos

Avituallamento. Necesidades enerxéticas e de hidratación.

A bicicleta: partes e compoñentes básicos. Historia da bicicleta. Tipos de bicis e modalidades de práctica.

Mecánica básica. Reparación de picadas e cambio de cámara, reposición de líquido selador, cambio de cubertas, cambio de pedais, axuste de dirección, reparación ou cambio de cadea, cambio de cables, axuste do cambio, substitución de zapatas e axuste de freo, cambio de pastillas e centraxe de pinza de freo.

Almacenamento da bicicleta. Posición de repouso para a transmisión.

Limpeza e lubricación.

Normas de seguridade no taller e traballo con ferramenta específica.

Normas de organización no taller.

Mecánica e tipos de bicicleta.

Talles e xeometrías. Elección do talle acaído.

Zonas dun taller de bicicletas. Equipamento básico do taller, ferramentas e repostos. Materiais e produtos específicos.

Protocolo de revisión da bicicleta previa á práctica.

Pezas e compoñentes da bicicleta. Montaxe e desmontaxe dos compoñentes da bicicleta.

Reparacións básicas e de emerxencia.

Manobras de montar e desmontar da bicicleta en marcha e en parado.

Normativa de circulación en bicicleta. Regulamento xeral de circulación.

Normas de prevención de riscos.

Cambio de velocidades e modificación do desenvolvemento en diferentes situacións. Pautas básicas de manexo do cambio.

Deseño de circuitos de habilidade en bicicleta. Enfoque recreativo e valoración do nivel técnico das persoas participantes.

Accións técnicas por terreos variados.

Técnicas de equilibrio.

Superación de obstáculos.

Freadas.

Contidos
<p>Ascenso e descenso de pendentes.</p> <p>Curvas e trazadas.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Progresión en espazos naturais en bicicleta	66

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para rutas en bicicleta, seguindo os procedementos, para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	NO
RA2 - Realiza o mantemento operativo da bicicleta e prepara o material necesario para asegurar o seu bo estado e o seu correcto funcionamento	NO
RA3 - Dirixe a progresión de grupos por itinerarios en bicicleta, adaptando as técnicas de condución ás características do terreo e das persoas participantes	NO
RA4 - Oriéntase no medio natural e identifica os puntos de referencia por medio de instrumentos, mapas e indicios naturais	NO
RA5 - Dirixe o grupo en situacións de emerxencia, coordinando os recursos e as medidas de seguridade, e aplicando técnicas de rescate e evacuación en rutas en bicicleta	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Detállouse a información sobre a ciclabilidade, a dificultade técnica, a distancia, o desnivel e a duración prevista da ruta
CA1.2 Determináronse os recursos materiais e humanos para a preparación de actividades por itinerarios en bicicleta
CA1.3 Seleccionáronse a bicicleta e o material necesario para a ruta
CA1.4 Realizáronse os axustes necesarios na bicicleta, para a adaptar á persoa usuaria e conseguir a ergonómia adecuada
CA1.5 Determináronse as medidas necesarias para previr e resolver situacións de perigo durante o desenvolvemento do itinerario en bicicleta

Criterios de avaliación
CA2.2 Cambiáronse as pezas e os compoñentes da bicicleta, e o material de reparación deteriorado, mantendo os criterios de eficacia recomendados
CA2.3 Desmontáronse e montáronse os elementos básicos da bicicleta, utilizando as ferramentas específicas
CA2.4 Realizouse o protocolo de revisión de bicicletas previa á práctica
CA2.5 Diagnosticáronse avarías básicas frecuentes da bicicleta
CA2.6 Arranxáronse avarías básicas frecuentes da bicicleta
CA2.7 Efectuáronse as operacións de limpeza e de engraxamento da bicicleta seguindo as pautas establecidas
CA2.8 Utilizáronse as ferramentas específicas na reparación e no mantemento da bicicleta
CA2.9 Realizáronse as accións de mantemento preventivo seguindo as instrucións establecidas polo fabricante
CA3.5 Manexouse a bicicleta de xeito seguro e eficaz por terreo variado ata media montaña
CA3.6 Estableceuse o ritmo de marcha adecuado á actividade e ao grupo
CA3.9 Circulouse por contorno urbano respectando o código de circulación
CA4.1 Utilizáronse instrumentos, mapas e indicios naturais para se orientar en todos os tipos de condicións ambientais de montaña
CA4.2 Interpretáronse o mapa, o libro de rutas ou o GPS durante o itinerario sen interferir no ritmo da ruta
CA4.3 Identificouse a simboloxía propia das descrições de rutas para bicicletas
CA4.4 Realizáronse itinerarios alternativos ante tramos con dificultade e perigo, seguindo criterios de seguridade
CA5.1 Definiuse o protocolo en casos de perigo ou accidente
CA5.2 Demostráronse as técnicas de aproximación e de evacuación en caso de accidente
CA5.3 Detallouse a información necesaria aos grupos de rescate

Criterios de avaliación
CA5.4 Detalláronse os sinais de socorro
CA5.5 Sinalizouse a zona de rescate
CA5.6 Realizáronse técnicas de transporte de persoas accidentadas
CA5.7 Simuláronse as adaptacións ao medio en caso de fenómenos atmosféricos perigosos
CA5.8 Previuse a actuación ante unha avaría mecánica irreparable durante a ruta
CA5.9 Prevíronse as actuacións dos/das guías e do grupo en caso de necesidade de evacuación dalgún compoñente do grupo

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Información que cómpre transmitir ás persoas participantes sobre o itinerario.</p> <p>Obxectivos da ruta. Paradas e duración das fases.</p> <p>Sistemas de comunicación.</p> <p>Mecánica básica. Reparación de picadas e cambio de cámara, reposición de líquido selador, cambio de cubertas, cambio de pedais, axuste de dirección, reparación ou cambio de cadea, cambio de cables, axuste do cambio, substitución de zapatas e axuste de freo, cambio de pastillas e centraxe de pinza de freo.</p> <p>Almacenamento da bicicleta. Posición de repouso para a transmisión.</p> <p>Limpeza e lubricación.</p> <p>Normas de seguridade no taller e traballo con ferramenta específica.</p> <p>Pezas e compoñentes da bicicleta. Montaxe e desmontaxe dos compoñentes da bicicleta.</p> <p>Detección de avarías e reposición de pezas e compoñentes.</p> <p>Reparacións básicas e de emerxencia.</p> <p>Mantemento preventivo da bicicleta. Revisión do cadro, axuste de dirección, cambio de cables, centraxe e regulación de freos, estado das zapatas ou pastillas, tensión dos cables e regulación de cambios, centraxe de rodas, comprobación de desgaste da cadea, suspensións e amortecedores.</p> <p>Valoracións dos itinerarios por tramos.</p>

Contidos
<p>Técnicas avanzadas. Superación de obstáculos con elevación de roda dianteira e/ou traseira, desprazamento lateral simultáneo ou consecutivo de ambas rodas. Saltos. Bunny-hop.</p> <p>Protocolo de actuación en caso de accidente.</p> <p>Procedementos de conducción de grupos en bicicleta. Presentación dos/das guías e da actividade ao grupo. Adaptación, comprobación e distribución do material. Distribución, organización e control do grupo. Directrices dos agrupamentos e ubicación das persoas participantes. Transmisión de normas e procedementos en ruta e en estrada. Instrucións durante a actividade. Conducción por diferentes tipos de vías. Manobras concretas de cruzamento e cambios de vía. Colocación e desprazamento do técnico durante a actividade.</p> <p>Respecto polo medio natural.</p> <p>Lectura e interpretación de guías, mapas, descrições de rutas e libros de ruta.</p> <p>Identificación de puntos de referencia significativos do itinerario.</p> <p>Recoñecemento de puntos de interese da ruta.</p> <p>Identificación da ruta sobre o terreo.</p> <p>Identificación de itinerarios alternativos sobre o mapa e sobre o terreo.</p> <p>A orientación deportiva en bicicleta: MTBO.</p> <p>Protocolo de actuación en caso de accidente.</p> <p>Sistemas de comunicación cos servizos de emerxencia. Procedementos de transmisión de datos sobre as persoas usuarias e a actividade.</p> <p>Pautas de actuación ante un accidente.</p> <p>Posta en práctica de alternativas á ruta prevista.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Organización e control de actividades en bicicleta no medio natural	60

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para rutas en bicicleta, seguindo os procedementos, para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	SI
RA2 - Realiza o mantemento operativo da bicicleta e prepara o material necesario para asegurar o seu bo estado e o seu correcto funcionamento	NO
RA3 - Dirixe a progresión de grupos por itinerarios en bicicleta, adaptando as técnicas de conducción ás características do terreo e das persoas participantes	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Oriéntase no medio natural e identifica os puntos de referencia por medio de instrumentos, mapas e indicios naturais	SI
RA5 - Dirixe o grupo en situacións de emerxencia, coordinando os recursos e as medidas de seguridade, e aplicando técnicas de rescate e evacuación en rutas en bicicleta	NO
RA6 - Avalía as rutas en bicicleta e analiza os datos compilados	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Detállouse a información sobre a ciclabilidade, a dificultade técnica, a distancia, o desnivel e a duración prevista da ruta
CA1.2 Determináronse os recursos materiais e humanos para a preparación de actividades por itinerarios en bicicleta
CA1.3 Seleccionáronse a bicicleta e o material necesario para a ruta
CA1.4 Realizáronse os axustes necesarios na bicicleta, para a adaptar á persoa usuaria e conseguir a ergonomía adecuada
CA1.5 Determináronse as medidas necesarias para previr e resolver situacións de perigo durante o desenvolvemento do itinerario en bicicleta
CA1.6 Analizouse a normativa relacionada con actividades no medio natural e a protección ambiental que é aplicable á preparación de itinerarios en bicicleta
CA2.2 Cambiáronse as pezas e os compoñentes da bicicleta, e o material de reparación deteriorado, mantendo os criterios de eficacia recomendados
CA2.3 Desmontáronse e montáronse os elementos básicos da bicicleta, utilizando as ferramentas específicas
CA2.4 Realizouse o protocolo de revisión de bicicletas previa á práctica
CA2.5 Diagnosticáronse avarías básicas frecuentes da bicicleta
CA2.6 Arranxáronse avarías básicas frecuentes da bicicleta
CA2.7 Efectuáronse as operacións de limpeza e de engraxamento da bicicleta seguindo as pautas establecidas
CA2.8 Utilizáronse as ferramentas específicas na reparación e no mantemento da bicicleta

Criterios de avaliación
CA2.9 Realizáronse as accións de mantemento preventivo seguindo as instrucións establecidas polo fabricante
CA3.1 Recolleuse a información para valorar o perfil, o nivel técnico e a experiencia das persoas participantes
CA3.2 Proporcionouse información sobre as características e os puntos de interese do itinerario, o uso do material e as normas de actuación relacionadas coa seguridade e co respecto polo medio natural
CA3.7 Adecuáronse os trazados ás dificultades do terreo e ás características das persoas participantes e dos vehículos
CA3.9 Circulouse por contorno urbano respectando o código de circulación
CA4.1 Utilizáronse instrumentos, mapas e indicios naturais para se orientar en todos os tipos de condicións ambientais de montaña
CA4.2 Interpretáronse o mapa, o libro de rutas ou o GPS durante o itinerario sen interferir no ritmo da ruta
CA4.3 Identificouse a simboloxía propia das descrições de rutas para bicicletas
CA4.4 Realizáronse itinerarios alternativos ante tramos con dificultade e perigo, seguindo criterios de seguridade
CA4.5 Elaboráronse descrições de rutas susceptibles de seren utilizadas por outras persoas usuarias
CA5.1 Definiuse o protocolo en casos de perigo ou accidente
CA6.1 Elaboráronse fichas de avaliación da actividade
CA6.2 Recolléronse datos sobre a actuación dos/das guías e as reaccións do grupo na actividade
CA6.3 Rexistráronse as incidencias relativas á actividade, á seguridade e aos tempos previstos
CA6.4 Detalláronse as pautas que cómpre seguir ante posibles condutas temerarias durante a actividade
CA6.5 Xustificouse a adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados nas rutas
CA6.6 Cubriuse a ficha de valoración da actividade segundo o programa desta
CA6.7 Propuxéronse medidas correctoras dos desaxustes detectados

Criterios de avaliación

CA6.8 Elaborouse un informe sobre a actividade realizada

CA6.9 Elaborouse documentación dixital e/ou impresa sobre un itinerario en bicicleta

4.3.e) Contidos
Contidos

Almacenamento e transporte do material e das bicicletas.

Servizos complementarios. Transporte das persoas participantes.

Normativa que pode afectar a actividade.

Adaptación da ruta e do material a persoas con diversidade funcional. Bicicleta tándem. Handbike. Triciclo.

Sendeiros PR-GR. Rutas establecidas. Vías Verdes. Centros BTT. Bikeparks.

Anotacións, libros de rutas, guías e outras fontes de información sobre itinerarios en bicicleta e rutas ciclables.

Deseño, selección ou adaptación do itinerario en función das características do grupo e dos obxectivos da actividade.

Obxectivos da ruta. Paradas e duración das fases.

Determinación do material necesario e cálculo de necesidades para actividades de un día ou varios.

Sistemas de comunicación.

OMecánica básica. Reparación de picadas e cambio de cámara, reposición de líquido selador, cambio de cubertas, cambio de pedais, axuste de dirección, reparación ou cambio de cadea, cambio de cables, axuste do cambio, substitución de zapatas e axuste de freo, cambio de pastillas e centraxe de pinza de freo.

Mecánica avanzada. Purga de freos, centraxe de roda, axuste de buxeiros, tubelizado de roda, e mantemento de forquita.

Almacenamento da bicicleta. Posición de repouso para a transmisión.

Transporte da bicicleta. Tipos de portabicicletas. Remolques específicos.

Limpeza e lubricación.

Normas de seguridade no taller e traballo con ferramenta específica.

Contidos

Pezas e compoñentes da bicicleta. Montaxe e desmontaxe dos compoñentes da bicicleta.

Detección de avarías e reposición de pezas e compoñentes.

Reparacións básicas e de emerxencia.

Mantemento preventivo da bicicleta. Revisión do cadro, axuste de dirección, cambio de cables, centraxe e regulación de freos, estado das zapatas ou pastillas, tensión dos cables e regulación de cambios, centraxe de rodas, comprobación de desgaste da cadea, suspensións e amortecedores.

Determinación da dificultade física e técnica dunha ruta.

Determinación do nivel de competencia da persoa usuaria nas técnicas básicas de condución. Niveis de adquisición do dominio técnico. Erros na execución técnica e na aplicación do esforzo. Criterios de valoración. Síntomas de fatiga.

Protocolo de actuación en caso de accidente.

Procedementos de condución de grupos en bicicleta. Presentación dos/das guías e da actividade ao grupo. Adaptación, comprobación e distribución do material. Distribución, organización e control do grupo. Directrices dos agrupamentos e ubicación das persoas participantes. Transmisión de normas e procedementos en ruta e en estrada. Instrucións durante a actividade. Condución por diferentes tipos de vías. Manobras concretas de cruzamento e cambios de vía. Colocación e desprazamento do técnico durante a actividade.

Respecto polo medio natural.

Lectura e interpretación de guías, mapas, descricións de rutas e libros de ruta.

OO libro de ruta para descricións de ruta en bicicleta.

Identificación de puntos de referencia significativos do itinerario.

Recoñecemento de puntos de interese da ruta.

Identificación da ruta sobre o terreo.

Seguimento de rutas e tracks con GPS ou teléfono intelixente.

Ubicación e localización de waypoints sobre a ruta con GPS.

Identificación de itinerarios alternativos sobre o mapa e sobre o terreo.

Elaboración de perfís de etapa e libros de ruta.

Sistemas de comunicación cos servizos de emerxencia. Procedementos de transmisión de datos sobre as persoas usuarias e a actividade.

Instrucións ao grupo en caso de accidente. Reagrupamento, asignación de papeis e tarefas.

Pautas de actuación ante a deterioración, a perda do material ou unha avaría irreparable.

Posta en práctica de alternativas á ruta prevista.

Contidos

Fichas de control de valoración da actividade: tipos.

0Elaboración de trípticos de actividade. Información de interese e edición do contido.

Publicación de rutas en aplicacións específicas de internet.

Procedementos de toma de datos no desenvolvemento da actividade.

Compilación de información.

Modelos de valoración da dificultade física e técnica dunha ruta.

Análise da actividade, do grupo e dos/das guías, e valoración respecto ao programa.

Documentos de avaliación.

Elaboración de rexistros sobre comportamentos do grupo, actuacións do/da técnico/a ou guía, incidencias e axuste aos tempos previstos, incidencias que afecten a seguridade do desenvolvemento das actividades, e estimación do grao de seguridade da actividade.

Adecuación dos equipamentos e os materiais utilizados na actividade guiada en bicicleta.

Elaboración de informes sobre a actividade. Propostas de medidas correctoras e de melloras na programación.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles:

CA1.1 Detállouse a información sobre a ciclabilidade, a dificultade técnica a distancia, o desnivel e a duración prevista da ruta

CA1.2 Determináronse os recursos materiais e humanos para a preparación de actividades por itinerarios en bicicleta

CA1.3 Seleccionáronse a bicicleta e o material necesario para a ruta

CA1.4 Realizáronse os axustes necesarios na bicicleta, para adaptar á persoa usuaria a conseguir a ergonomía adecuada

CA1.5 Determináronse as medidas necesarias para prever e resolver situacións de perigos durante o desenvolvemento do itinerario en bicicleta

CA1.6 Analizouse a normativa relacionada con actividades no medio natural e a protección ambiental que é aplicable á preparación de itinerarios en bicicleta

CA2.1 Caracterizáronse as pezas e os compoñentes da bicicleta e a súa funcionalidade

CA2.3 Desmontáronse e montáronse os elementos básicos da bicicleta, utilizando as ferramentas específicas

CA2.4 Realizouse o protocolo de revisión de bicicletas previa á practica

CA2.6 Arranxáronse avarías básicas frecuentes da bicicleta

- CA2.7 Efectuáronse as operacións de limpeza e de engraxamento da bicicleta seguindo as pautas establecidas
- CA2.8 Utilizáronse as ferramentas específicas na reparación e no mantemento da bicicleta
- CA3.2 Proporcionouse información sobre as características e os puntos de interese do itinerario, o uso do material e as normas da actuación relacionadas coa seguridade e co respecto polo medio natural
- CA3.3 Explicáronse as técnicas de conducción que se deben realizar e a súa adaptación aos tipos de terreo, ás pendentes e á posible presenza doutros vehículos ou de peóns
- CA3.4 Demostráronse as técnicas de conducción que se deben realizar e a súa adaptación aos tipos de terreo, as pendentes e á posible presenza doutros vehículos ou de peóns
- CA3.5 Manexouse a bicicleta de xeito seguro e eficaz por terreo variado ata media montaña
- CA3.6 Estableceuse o ritmo de marcha adecuado á actividade e ao grupo
- CA3.7 Adecuáronse os trazados ás dificultades do terreo e ás características das persoas participantes e dos vehículos
- CA3.8 Analizouse a normativa de circulación sintetizando as normas referentes á utilización de bicicletas
- CA3.9 Circulouse por contorno urbano respectando o código de circulación
- CA4.1 Utilizáronse instrumentos, mapas e indicios naturais para se orientar en todos os tipos de condicións ambientais de montaña
- CA4.3 Identificouse a simboloxía propia das descrições de rutas para bicicletas
- CA4.5 Elaboráronse descrições de rutas susceptibles de seren utilizadas por outras persoas usuarias
- CA5.1 Definiuse o protocolo en casos de perigo ou accidente
- CA5.2 Demostráronse as técnicas de aproximación e de evacuación en caso de accidente
- CA5.3 Detallouse a información necesaria aos grupos de rescate
- CA5.4 Detalláronse os sinais de socorro
- CA5.5 Sinalouse a zona de rescate
- CA5.8 Previuse a actuación ante unha avaría mecánica irreparable durante a ruta
- CA6.1 Elaboráronse fichas de avaliación da actividade
- CA6.6 Cubriuse a ficha de valoración da actividade segundo o programa desta
- CA6.8 Elaborouse un informe sobre a actividade realizada
- CA6.9 Elaborouse documentación dixital e/ou impresa sobre un itinerario en bicicleta

Criterios de Cualificación:

A valoración dos diferentes apartados do módulo seguirá os seguintes criterios:

A asistencia a clases: A asistencia é obrigatoria, dado que se trata dun módulo de carácter práctico no que o dominio das técnicas de traballo son imprescindibles para a formación a nivel profesional. É por iso polo que estableceremos un sistema de avaliación diario para incentivar a asistencia e valorar a participación. Deste xeito, a práctica do alumnado será valorada mediante listas de cotexo cada día segundo a seguinte escala:

0. Non asiste ou a participación é negativa

1. A participación está por debaixo do agardado, por non cumprir as normas, non traer o material ou non realizar o traballo axeitadamente,
2. A participación é correcta
3. A participación é excelente, o alumno destaca polo esforzo, interese e aproveitamento da mesma

Ao final do trimestre, a nota será calculada pola suma das valoracións en proporción ao total de prácticas realizadas. A este respecto compre sinalar que algunhas sesións, debido ás súa natureza, poden ser valoradas con máis puntuación, neses caso o alumnado será informado desa situación antes das mesmas. Esa nota final das prácticas resultará o 40% da nota do trimestre.

Parte práctica: A parte procedimental será valorada con táboas de observación elaboradas para os exames de carácter práctico, ben sexa de actividades de mecánica, de tipo técnico ou de desenvolvemento no guiado de grupos. No caso de varios exames no mesmo trimestre, a nota será a media ponderada en función do peso orientativo asignado a cada parte segundo o establecido na programación no apartado 4.C. A suma dos diferentes apartados das táboas determinará a nota final, que resultará o 30% da nota do trimestre.

Parte teórica: Por último, a parte conceptual será valorada mediante probas escritas e traballos. As probas poderán ser tipo test, de resposta curta ou combinadas, e versarán sobre contidos explicados na aula ou durante a celebración das clases prácticas. Os traballos poderán ser individuais ou grupais, e deberán ser entregados en prazo e cumprir os requisitos indicados. A nota final virá determinada pola calificación nestas actividades. No caso de levarse a cabo as dúas, exames e traballos, a valoración será a media de ambas. Ao final esa nota será o 30% do resultado do trimestre.

A cualificación de cada trimestre na materia levarase a cabo do seguinte xeito:

- 40% da nota corresponde coa valoración obtida pola asistencia a clases
- 30% da nota corresponde coa valoración obtida nos exames prácticos de manexo e circulación por rutas
- 30% da nota corresponde coa valoración obtida nos traballos e exames teóricos

A este respecto, compre subliñar que para poder facer media en cada unha das avaliacións será preciso que o alumnado acade un aprobado (5 puntos) como mínimo en cada un dos tres apartados, de non ser así non poderá aprobar.

A avaliación final da materia cumprirá tamén estas especificacións, e o cálculo da nota final virá determinado pola nota media de cada un dos apartados por separado, é dicir:

- 40% será a nota media das prácticas dos tres trimestres
- 30% será a nota media dos exames prácticos dos tres trimestres
- 30% será a nota media dos exames e traballos dos tres trimestres

Ao igual que no caso anterior, para poder facer media o alumnado deberá ter, como mínimo, un aprobados (5 puntos) en cada un dos apartados.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso do módulo que nos ocupa, a organización da materia está plantexada en tres niveis que se corresponden coas unidades didácticas e os trimestres do curso:

1. Iniciación ao traballo con bicicletas
2. Progresión en espazos naturais en bicicleta
3. Organización e control de actividades en bicicleta no medio natural

Esta distribución posibilita agrupar os contidos en progresión de dificultade de tal xeito que, na maioría dos bloques, a superación dun trimestre implica tamén a superación do anterior. Noutros casos, os bloques teñen un carácter terminal, e como non serán abordados posteriormente, será preciso recuperalos para poder acadar os obxectivos. Para estes casos, serán incorporadas partes extras nos exames teóricos e prácticos para que o alumnado teña a ocasión de amosar a súa competencia conceptual e procedimental.

Para permitir que o alumnado acade os criterios de aprendizaxe, organizarase trimestralmente alguna sesión de reforzo e recuperación, onde aqueles alumnos que o consideren poderan asisitir voluntariamente. Estas sesións serán en horas de recreo, fóra do horario de clase ou en clases nas que a organización da materia o permita. Non teñen carácter vinculante, é dicir, o alumnado que asista non ten porqué superar a materia, nin o que non asista ten porqué non superala.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

No caso do alumnado que obteña perda de avaliación continua por ausencia ás clases, a cualificación da materia virá determinada unicamente por unhas probas finais. Nese caso a distribución das porcentaxes será a seguinte:

- 30% da nota corresponderá ao exame teórico. Será unha proba tipo test ou de respostas curtas, sobre contidos da materia traballados ao longo do curso durante as clases.
- 20% da nota corresponderá á valoración obtida polo deseño e elaboración dunha ruta personalizada cumprindo cos parámetros marcados.
- 50% da nota corresponderá ao exame práctico. Será valorada con táboas de observación durante a celebración de probas prácticas ou participación nunha ruta no rol de guía.

Ao igual que no caso da avaliación ordinaria, para poder facer media o alumnado deberá ter un mínimo dun aprobado (5 puntos) en cada un dos tres apartados, en caso de que isto non aconteza, non poderá aprobar.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación levarase a cabo cumprindo a orde de avaliación, que no seu artigo 23.5 sinala que "cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións". Ademais diso, a programación será revisada ao inicio de curso, e ao final do mesmo será elaborada unha memoria que faga constar esas posibles alteracións respecto do programado, e tamén as circunstancias que o motivaron.

Para o seguimento da programación, empregárase a aplicación informática corporativa na que foi elaborada, tendo en conta que permite facer modificacións, e deixar acceso á Xefatura do Departamento para que consulte e poida rexistrar a evolución nas actas correspondentes.

Tendo en conta que a programación é un documento vivo, susceptible de cambios e melloras a través da avaliación da práctica docente, consideramos que será preciso introducir as correccións ou modificacións oportunas no caso de ser detectadas, tanto se iso acontece durante o curso como en anos sucesivos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A nosa proposta para realizar unha avaliación inicial do alumnado consta de dúas partes:

Por un lado levarase a cabo unha valoración do grao de interese e implicación do alumnado sobre os temas relativos ao módulo, así como a frecuencia de uso da bicicleta no seu ámbito privado. Esta valoración poderá ser realizada mediante enquisas ou entrevistas horais na aula. Nesa mesma liña, poderemos indagar sobre os coñecementos previos dos diferentes contidos da materia. Este tipo de actividades serán levadas a cabo ao inicio do curso e tamén cada vez que iniciemos unha unidade didáctica.

Por outra banda, no comezo das clases, levarase a cabo unha valoración mediante unha táboa de observación do nivel de destreza inicial do alumnado na habilidades máis básicas sobre a bicicleta. A idea é poder ter unha referencia sobre o nivel de partida do grupo, para establecer os mínimos sobre os cales deseñar as sesións iniciais. De calquera xeito, debe quedar constancia de que o alumnado deberá saber andar en bicicleta antes de cursar o módulo, algo do que se informa nos folletos e no proceso de matriculación. Durante o curso aprenderán a elaborar rutas e guiar grupos, e non se pode paralizar nin retrasar este proceso de aprendizaxe por conta de alguén que non sabe xa andar en bicicleta e non atendeu aos consellos a este respecto. Así que se detectamos que alguén non sabe montar en bicicleta será responsabilidade súa aprender os mínimos para poder participar nas clases.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Queremos deixar constancia de que este é un módulo de carácter práctico nun ciclo formativo sobre actividades físicas que implican certo grao de risco en si mesmas, e que ademais o obxectivo das aprendizaxes está encamiñado ao labor de guía, o que implica grupos de persoas ao cargo. Con isto pretendemos que quede claro que para poder levar a cabo esa labor, o profesional debe ter a formación axeitada e acreditar dominio e competencia dos contidos, algo que quedará reflexado na superación dos resultados de aprendizaxe. Por iso consideramos que rebaixar ou suprimir criterios non podemos contemplalo como unha posibilidade. En calquera caso, o alumnado deberá acadar sempre os mínimos se quere superar o módulo.

De calquera xeito, existen varias situacións que nos podemos atopar, e estas serán as medidas a tomar en cada caso:

Alumnado con algún tipo de transtorno a nivel cognitivo (tipo TDAH): Trataremos de estruturar todas as actividades, proporcionar información de tipo visual, adiantar a información, simplificar as instrucións, manter as rutinas e establecer protocolos. Na realización das probas fixaremos as datas con antelación, realizaremos as probas tipo test e concederemos máis tempo.

Alumnado que presente un problema de carácter físico. Nese caso haberá varias situacións:

Limitación física de tipo temporal de curta duración. Se a lesión acontece durante o periodo de prácticas, simplemente o alumno non poderá realizar esas prácticas, mais non terá ningún outro tipo de complicación. Se acontece en periodo de exames prácticos, deberá agardar a estar recuperado para poder realizalos, ao igual que acontecería nun exame para obter o carné de conducir.

Limitación física de tipo temporal de longa duración. Nese caso haberá que estudar o caso polo miúdo, pois poden acontecer dúas cousas:

Que o alumno non poida facer o número mínimo de prácticas ordinarias do curso establecido no 50%. Ante esa situación, a efectos prácticos, a situación é a mesma que se o alumno perdera o dereito á avaliación continua, é dicir, deberá presentarse no exame final.

Que o alumno poida facer ou xa teña feito o número mínimo de prácticas ordinarias do curso establecido no 50% e a limitación non sexa total. Nese caso o alumno poderá tentar facer as prácticas que lle resten, se é posible, coa axuda dunha bicicleta eléctrica, para poder seguir o ritmo das actividades sen verse prexudicado pola lesión e permitir ao tempo que o resto do grupo poida completar a súa formación. Nese caso, chegado o momento, o profesor valorará a conveniencia de realizar o exame práctico cunha bicicleta ou outra.

Limitación física permanente. Nese caso, e atendendo as explicacións facilitadas na introducción deste apartado, só contemplamos unha situación: que a limitación non impida ao alumno adquirir as aprendizaxes e amosar a súa competencia. Nese caso non haberá ningún tipo de problema, do contrario non poderá acadar os mínimos exixibles.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores é un aspecto fundamental nun colectivo que se está formando para traballar directamente con persoas, especialmente se estas son escolares. Neste contexto a profesionalidade, o respecto, a confianza e a empatía deben ser premisas fundamentais de todo o seu traballo, polo que serán aspectos fundamentais a promover en todas as sesións.

Ao marxe desta actuacións, existen outros valores que debemos potenciar de cara á formación do alumnado, que aínda que traballalos de xeito específico pode resultar complicado, facelo no contexto do día a día, cando a situación sexa a propicia e as circunstancias o soliciten resulta moito máis práctico e significativo.

Así pois tentaremos poñer en valor aspectos relativos a temas transversais tales como a educación moral e cívica, a coeducación, a educación para a paz, a educación ambiental etc,.. e promover propostas para traballalos e integralos nas actividades diarias e nas extraordinarias como excursións, prácticas co alumnado da ESO ou con compañeiros doutro curso, presentación de proxectos fóra do centro etc.

De calquera xeito, e tendo en conta as características da titulación, o respecto e a promoción por todo tipo de actividades mediambientais será a principal liña de traballo ao longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Existe a posibilidade de plantexar unha actividade extracolar dentro deste módulo, consistente na realización dunha ruta en bicicleta de varios días de duración. Neste senso, a mellor opción, pola loxística, a rede de camiños e a pertinencia, é plantexar un camino de Santiago en varias etapas, mais esta posibilidade non pode ser tida en conta se as características do alumnado non garantizan o correcto desenvolvemento da mesma. De facerse levaríase a cabo no terceiro trimestre, e sería una opción a ter en conta chegado o momento.

Como actividades complementarias, plantexamos a posibilidade de realizar algún simulacro de accidente en ruta coa colaboración de medios externos, a organización dalgunha proba de aventura tipo raid de orientación, ou alguna visita a instalacións ou para realizar actividades de interese que poidan xurdir como charlas, congresos ou feiras de exposicións. En todos eses casos, darase a información coa antelación oportuna e será plantexada a posibilidade de telo en conta dalgún xeito na nota final.